b) Con independencia de que finalmente se consiga ou non unha nova situación axeitada que conte coa aprobación da Xunta, dos concellos afectados e de ELNOSA, esta comprométese a iniciar o proceso para o cesamento ordenado e progresivo da súa actividade de produción na súa actual ubicación en Lourizán a partir do 31 de decembro de 2016. A produción de cloro líquido cesará efectivamente con data 31 de agosto de 2107, e a produción de ácido clorhídrico e hipoclorito sódico o día 31 de outubro de 2017.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 11:19
Nº Rexistro: 21287
Data envío: 11/12/2017 11:19:54.377

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Cumprir e facer cumprir o protocolo subscrito no ano 2013 pola Consellaría de Medio Ambiente coa empresa ELNOSA, no que esta se comprometía a iniciar o proceso para o cesamento ordenado e progresivo da súa actividade de produción na súa actual ubicación en Lourizán a partir do 31 de decembro de 2016. A cesar efectivamente a produción de cloro líquido con data 31 de agosto de 2107, e a produción de ácido clorhídrico e hipoclorito sódico o día 31 de outubro de 2017.

2. En consecuencia co anterior, denegar a revisión da Autorización Ambiental Integrada, a tramitación dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e informar negativamente sobre a prórroga da concesión.”

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 11:19
Nº Rexistro: 21287
Data envío: 11/12/2017 11:19:54.377

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/12/2017 11:12:59

María Montserrat Prado Cores na data 11/12/2017 11:13:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/12/2017 11:13:06

Olalla Rodil Fernández na data 11/12/2017 11:13:11

Noa Presas Bergantiños na data 11/12/2017 11:13:14

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2017 11:13:18

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa dos seus deputados **Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**, en relación á creación de novos servizos de atención a persoas maiores no Concello de Vilalba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Vilalba contaba en 2016 (IGE) con 14.487 habitantes, dos cales, o 28,5% tiñan máis de 65 anos, sendo o índice de avellentamento dun 215,09/1000.

Os indicadores demográficos sitúannos nun escenario de descenso de poboación, cunha taxa de natalidade de 6,27, fronte a unha taxa de mortalidade do 15,53, sen que os movementos migratorios compensen o saldo vexetativo negativo. Deste xeito, a poboación de Vilalba reduciuse en 1.623 efectivos dende os 16.110 habitantes en 1991 até hoxe.

Malia a forma regresiva da pirámide de poboación vilalbesa, o municipio ten poucos recursos públicos en materia de atención ás persoas maiores.

Vilalba conta cunha residencia de maiores privada (Fundación Hospital Asilo de Vilalba) con 24 prazas financiadas. As prazas dispoñibles en dita residencia non son suficientes para atender as necesidades das persoas maiores de Vilalba que precisen un recurso residencial, nin para acoller a demanda futura.



Dende o inicio do curso 2016/2017 atópase pechado o Centro de Educación Primaria Castelao, na parroquia de Belesar, a uns 9,5 km de distancia do núcleo de Vilalba. Dito centro, un edificio dependente da Consellería de Educación, baleiro e en desuso, conta con planta baixa e primeiro andar, ademais de con espazos anexos.

Vista a falta de prazas residenciais públicas para persoas maiores no Concello de Vilalba e comarca, e vista a existencia dunha infraestrutura pública que podería axeitarse, coas debidas reformas, a un centro residencial para as persoas maiores, En Marea preguntámonos se a Xunta contemplou esta posibilidade.

Dispor dun centro residencial para atención á terceira idade en Vilalba, na parroquia de Belesar, permitiría dispor deste recurso de proximidade para as persoas maiores do Concello de Vilalba que o precisen e contribuiría a revitalizar unha zona rural, logo do peche do seu colexio público.

Por outra parte, en 2002 asinouse un convenio de colaboración entre o Concello de Vilalba e a Consellería de Asuntos Sociais para a posta en marcha dun Centro de Día en Vilalba. No mes de novembro de dito ano o Pleno vilalbés aprobou a ratificación dun contrato entre o Concello e a Fundación Hospital Asilo de Vilalba para que o centro de día se construíse nas proximidades do asilo e para a adxudicación da xestión do centro a dita Fundación.

Non foi ata 2005 cando se desenvolveu a primeira fase da infraestrutura e en 2007 a Vicepresidencia da Igualdade de do Benestar, da Xunta de Galiza, asumiu o remate dos traballos, mentres que a Fundación Hospital Asilo realizou o equipamento do centro de día.

En 2007 o Centro de Día estaba rematado e equipado para entrar en servizo, faltando só a cesión da xestión por parte do Concello á Fundación, coa intención de, unha vez publicado o Decreto de creación da Rede Galega de Centros de Día para a Atención Social, pedir a incorporación do centro de Vilalba á mesma.

Finalmente, tras unha permuta de terreos, o centro é propiedade da Fundación Asilo e non foi até 2017 cando se abre o prazo para acceder ás prazas deste centro, que funcionará finalmente como “unidade terapéutica” de atención diúrna a persoas con Alzheimer, a pesares das promesas de apertura para o ano 2016.

O centro será privado, con prazas concertadas, financiadas por Xunta e Concello. O 24 de agosto de 2017 publícase no DOG a convocatoria da “contratación, por procedemento aberto, da xestión de servizos públicos, na modalidade de concerto, para a reserva e ocupación de prazas de atención diúrna terapéutica para persoas con alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas no concello de Vilalba”.

A inexistencia do recurso de Centro de Día no Concello de Vilalba provoca que persoas usuarias deste servizo se teñan que desprazar a outros concellos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galicia a:

1. Estudar a posta en funcionamento dunha residencia pública de atención a persoas maiores nas instalacións do CEP Castelao, na parroquia de Belesar, no Concello de Vilalba.
2. Presentar ante o Parlamento de Galiza e ante o Pleno da Corporación do Concello de Vilalba os resultados de dito estudo no primeiro semestre de 2018.
3. Aumentar as prazas públicas de residencia e centro de día no Concello de Vilalba, de xeito que se cubra a demanda antes de 2020.



Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/12/2017 12:29:26

Luis Villares Naveira na data 11/12/2017 12:29:33

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, sobre a ensinanza de lingua de signos no CEIP Escultor Acuña

Exposición de motivos

Xa no curso 2011-2012 o CEIP Escultor Acuña converteuse no primeiro centro de educación infantil e primaria de España en introducir a lingua de signos no material de autoavaliación nun centro onde tradicionalmente conviven nenas e nenos con problemas auditivos e outros de diversas patoloxías que utilizan dita lingua. Foi o punto de arranque para que un grupo de pais propuxese implantar a lingua de signos como materia, unha suxestión que recolleu o centro e se presentou como proxecto á Consellería de Educación que o aprobou no curso 2012-2013.

Deste xeito, hai cinco anos que a lingua de signos se converteu nunha materia optativa no CEIP Escultor Acuña grazas a un proxecto desta escola, aprobado no seu día pola Consellería de Educación, que conta nas súas instalacións con 17 nenos con problemas auditivos.

Esta materia non só se destinaba ao alumnado con problemas auditivos senón a todo o alumnado da escola, uns 450 alumnos e alumnas, que viñan aprendendo esta lingua contribuindo tanto ao enriquecemento de toda a comunidade educativa como a mellorar a relación entre todos os estudantes, evitando o illamento.

Como é ben sabido, é a Consellería de Educación quen ten as competencias sobre os recursos humanos dos centros e era a que ata agora apoiaba este proxecto con



persoal docente especializado. Hai que ter en conta que a lingua de signos é un elemento comunicativo moi necesario nun centro escolar onde hai persoas xordas e oíntes que utilizan esta lingua para a súa comunicación, en concreto para 17 alumnas e alumnos.

Porén, malia estar incluída e aprobada na programación educativa para o curso 2017/2018 non ten profesor para ser impartida. De feito, a comunidade educativa, despois de escusas reiteradas, acabou confirmando que este ano non van contar co profesorado designado para a mesma.

Deste xeito, e tal e como denuncia a ANPA, a alternativa de non continuar impartindo a lingua de signos é o peor escenario posible. Dunha banda a Administración vulnera os dereitos educativos do alumnado con problemas auditivos ao non proporcionarlles un docente para lingua de signos e doutra banda, privalles do dereito de sociabilizar na aula, no patio ou no comedor cos seus iguais, os cales ao non ter clase de lingua de signos entenderán cada vez menos aos seus compañeiros signantes.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a restituír, de xeito inmediato, a praza de profesorado de lingua de signos no CEIP Escultor Acuña.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira,

Ánxeles Cuña Bóveda

Voceiro do G.P. de En Marea

Paula Quinteiro Araújo



Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 11/12/2017 13:08:09

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/12/2017 13:08:17

Paula Quinteiro Araújo na data 11/12/2017 13:08:25

Luis Villares Naveira na data 11/12/2017 13:08:33



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 18:12
Nº Rexistro: 21384
Data envío: 11/12/2017 18:12:18.597

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 4ª**, sobre a incoación do expediente para a declaración do Museo Carlos Maside como Ben de Interese Cultural e a divulgación e posta en valor dos fondos cedidos por Isaac Díaz Pardo á Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Museo Carlos Maside foi creado por Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo en 1963 ao abeiro do Laboratorio de Formas que ambos fundaran. Trátase dun espazo centrado na exposición de obras plásticas contemporáneas. Entre as pezas que garda atópanse exemplares de Carlos Maside, Castelao, Maruja Mallo, Francisco Lloréns, Francisco Asorey, Arturo Souto, José Frau, Xesús R. Corredoira, Xosé Eiroa, Federico Ribas, Suárez Couto, Bonome, Xulia Minguillón, Mario Granell, Eugenio Granell, Urbano Lugrís; renovadores como Laxeiro, Colmeiro, o propio Luís Seoane, e tamén obras de vangarda como as do grupo Atlántica.

Na actualidade leva anos pechado. Familiares de Isaac Díaz Pardo aseguran descoñecer cal é o estado no que se atopan as pezas contidas nel.

Neste senso, malia que o Parlamento de Galiza acordou en decembro de 2010, a partir dunha Proposición non de Lei debatida en Comisión a proposta do grupo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 18:12
Nº Rexistro: 21384
Data envío: 11/12/2017 18:12:18.597

parlamentar do PsdeG, instar a Xunta a incoar o expediente para declarar o Museo Carlos Maside (Sada) como Ben de Interese Cultural (BIC) por ser “mostra única do potencial galego na arte contemporánea”, isto nunca aconteceu.

Meses despois, en febreiro de 2011, a Xunta anuncia a sinatura dun contrato de cesión por 60 anos dos fondos documentais e bibliográficos de Isaac Díaz Pardo. Ese fondo, composto por uns 16 mil exemplares son trasladados á Cidade da Cultura. O obxectivo do acordo de cesión, relatado polo presidente da Xunta, é “promover o estudo do fondo bibliográfico e documental e fomentar e difundir e estender o coñecemento xeral do patrimonio cultural galego e de facilitar aos investigadores a profundización na obra deste excepcional galego, deste intelectual galego comprometido coa súa terra sempre”, de acordo coas declaracións extraídas do comunicado de prensa do Gabinete da Xunta.

O comodato dos fondos bibliográficos e documentais de Isaac Díaz Pardo inclúe coleccións completas como a *Revista Ibérica por la Libertad*, 170 libros da editorial Ruedo Ibérico e publicacións fundamentais na recuperación dos estudos sobre Galiza e o galego como a revista *Grial* ou a revista *Verba*. Documentación do propio Díaz Pardo, de Camilo Díaz Baliño, do Instituto Galego de Información, do Servizo de Estudos Galegos, de Luis Seoane e Maruxa Seoane, do Consello de Galiza, de Lorenzo Varela, de Eugenio Granell, de Tomás Barros, de Arturo Cuadrado e de Valentín Paz Andrade.

O fondo contén arquivos fotográficos, epistolarios, documentación de reunións, planos e bosquexos. Porén, a relación exacta dos mesmos debía facerse pública despois de concluír os traballos de catalogación.

Un ano despois, en febreiro de 2012, o Director Xeral de Patrimonio, José Manuel Rei Pichel, en resposta ao grupo parlamentar do PsdeG na Comisión de Cultura



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 18:12
Nº Rexistro: 21384
Data envío: 11/12/2017 18:12:18.597

reafirma o suposto compromiso da Xunta de Galiza na declaración do Museo Carlos Maside como BIC. Asegura que o goberno galego, un ano e un mes despois do acordo parlamentar, traballa arreo para incoar o expediente e xustifica a demora apelando á complexidade técnica do mesmo.

No mes de maio desde mesmo ano (2012) o conselleiro de Cultura, Jesús Vázquez, anuncia a sinatura xunto con Telefónica do proceso de dixitalización de 8.600 documentos pertencentes ao fondo de Díaz Pardo depositados na Biblioteca de Galiza (Cidade da Cultura). Entre os documentos que se procederán a dixitalizar no marco deste convenio, atópase correspondencia privada, telegramas, fotografías, escenografías, debuxos, pergamiños, deseños de carrozas, carteis, pinturas e mesmo textos dedicados, así como documentos da Guerra Civil, tales como folletos ou discursos. Entre eles 200 fotografías de Díaz Valiño, unha pequena biblioteca persoal, 100 cartas, debuxos e relatos orixinais, 10 álbumes elaborados por Camilo Díaz que recollen toda a súa actividade profesional en América como escenógrafo e documentos persoais.

Aliás, dos máis de 8.000 documentos que se dixitalizaron a través do convenio con Telefónica salientan debuxos e correspondencia orixinal partillada con Castelao, Vicente Risco ou Paz Andrade.

En 2014, declárase BIC a factoría de Sargadelos en Cervo (A Mariña) e dous anos despois, en xaneiro de 2016, o Pleno do Concello de Sada acorda instar a Xunta a declarar BIC Cerámicas do Castro, localización do Museo Carlos Maside co voto en contra do Partido Popular que argumenta posíbeis inconvenientes para futuros usos desta infraestrutura a devandita catalogación.

Sete anos despois do primeiro acordo parlamentar, o Museo Carlos Maside atópase pechado e sen ser declarado BIC.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 18:12
Nº Rexistro: 21384
Data envío: 11/12/2017 18:12:18.597

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión 4ª:

“O Parlamento acorda instar a Xunta de Galiza a:

1. Incoar de maneira urxente o expediente para a catalogación como Ben de Interese Cultural (BIC) dos edificios de Cerámicas do Castro, no Concello de Sada, entre os que se atopa o Museo Galego de Arte Contemporánea ‘Carlos Maside’.

2. Disponibilizar para o público todos os documentos que compoñen os fondos cedidos por Isaac Díaz Pardo á Xunta de Galiza para a súa consulta, estudo, investigación e divulgación a través da rede e outros soportes.”

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 18:12
Nº Rexistro: 21384
Data envío: 11/12/2017 18:12:18.597

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/12/2017 17:59:34

María Montserrat Prado Cores na data 11/12/2017 17:59:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/12/2017 17:59:41

Noa Presas Bergantiños na data 11/12/2017 17:59:43

Xosé Luis Bará Torres na data 11/12/2017 17:59:44

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2017 17:59:51

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A recuperación das embarcacións tradicionais vense producindo dende hai algo máis de dúas décadas. Arredor dunhas 300 entre dornas, gamelas, chalanas, faluchos, veleiros clásicos etc ... forman parte do noso patrimonio e da nosa historia, amosan a distintas artes da pesca e da cabotaxe, é dicir, testemuñas das formas de vida, da economía e da artesanía popular das xentes do mar. Son unha representación dunha labor ancestral como é a carpintaría da ribeira.

A salvagarda destas embarcacións implica necesariamente mantelas vivas, para iso é necesario adoptar medidas que garantan e protexan o patrimonio marítimo en xeral e o impulso das mariñas tradicionais en particular, entre elas podemos sinalar a súa inclusión nos plans de delimitación dos usos e espazos portuarios, para que naqueles portos nos que existise unha mostra representativa das embarcacións tradicionais, poidan convivir nun espazo común coas actuais. Isto, non só daría acubillo ordenado a unha parte representativa da flota tradicional, senón que enriquecería enormemente o seu valor patrimonial e histórico, e a vida de moitos pobos mariñeiros, incrementando o seu atractivo. A cabotaxe e o lecer, contextualizados á beira das distintas flotas modernas

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1ª) Establecer un réxime fiscal diferenciado con discriminacións positivas para facilitar o amarre de embarcacións tradicionais nos portos de titularidade autonómica.

Grupo Parlamentario

2ª) Promover e garantir espazos nas dársenas de titularidade autonómica, para amarre concentrado das embarcacións tradicionais, facilitando a creación da figura “Mariñas tradicionais” a implantar naqueles portos onde existe flota de embarcacións tradicionais.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Potenciar o sector marítimo-cultural como axente dinamizador dentro dos portos de titularidade autonómica, obtendo representatividade dentro dos órganos do ente público Portos de Galicia, ben sexa por representación directa, ou por representación asumida por organismos xa presentes relacionados coa náutica e/ou a cultura.

Pazo do Parlamento, 12 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/12/2017 12:23:38

Julio Torrado Quintela na data 12/12/2017 12:23:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/12/2017 12:24:01

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa á demolición do edificio histórico da Central Eléctrica de Mollavao, en Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Gas Natural-Fenosa ten intención de proceder, na cidade de Pontevedra, á eminente demolición do edificio histórico da Central Eléctrica de Mollavao.

Nos últimos anos, por toda Galicia, perdéronse mostras significativas de edificios e fábricas que por se mesmas significaban todo un testemuño do desenvolvemento industrial, comercial e económico do noso país.

Mentres noutros lugares de Europa, e tamén do Estado, se está a prestar especial atención á recuperación e restauración de construcións desta índole, pola contra non son poucos os casos, nas nosas cidades e vilas, que se dilapidan mostras sinaladas dun patrimonio cultural que todos deberíamos protexer.

Por medio destes edificios, a maiores da súa contrastada riqueza arquitectónica, transmítesenos a memoria do traballo, das tecnoloxías, do progreso empresarial e máis a historia mesma da clase obreira.

Unha empresa como Gas Natural-Fenosa —por moitos e privilexiados contactos que teña no seo do Goberno galego— non pode actuar por fóra do control da



administración autonómica —ou municipal— e tentar derrubar, como se anunciou hai uns días, un edificio inaugurado hai 90 anos que, polas súas características formais, é toda unha singular mostra das construcións deseñadas durante o primeiro proceso de electrificación de Galicia.

A Xunta de Galicia xa permitiu nos últimos anos de que se demolesen na cidade de Pontevedra, para escándalo das entidades proteccionistas, o Teatro Cine Malvar, a cheminea da Curtidoira, o antigo almacén do sal da Moureira, o Chalé dos Obreiros da fábrica Tafisa e, hai ben pouco, do pequeno pavillón racionalista onde nacera a emisora Radio Pontevedra.

Nese sentido, e para que non se repitan actuacións propias dunha “piqueta inculta”, esixímoslle que non mire para outro lado e poña en garda aos seus servizos de Patrimonio para que a nosa mellor arqueoloxía industrial, como é o caso do edificio pontevedrés da Central Eléctrica de Mollavao, sexa finalmente salvado dunha vergoñenta demolición.

E de ser así, sumado a un desexable proceso de restauración, que poda ser gozado no futuro por unha veciñanza pontevedresa que vén de facer público un claro chamamento para que, por parte das administracións, especialmente a Xunta de Galicia, se evite a toda costa a súa destrución.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Facer o obrigado ditame sobre esta singular mostra urbana de arqueoloxía industrial galega.
- 2.- Poñer en funcionamento as medidas necesarias para que os servizos de



Patrimonio, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, poidan evitar agresións deste tipo novamente.

3.- Evitar a demolición do edificio histórico da Central Eléctrica de Mollavao en Pontevedra.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez,

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/12/2017 11:43:50

Luca Chao Pérez na data 12/12/2017 11:43:57

Luis Villares Naveira na data 12/12/2017 11:44:05

Á Mesa do Parlamento

Marian García Míguez, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Nuñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 5ª; Sanidade, Política Social e Emprego.**

Historicamente grande parte da violencia que afectaba á integridade física e moral das mulleres e menores estivo amparada por producirse na intimidade do fogar.

Como recolle a Lei galega do 2007 de prevención e tratamento integral contra a violencia de xénero, “a violencia machista e os malos tratos formaron parte da vida cotiá de moitas mulleres ao longo do tempo. Mais esta violencia estaba normalizada e naturalizada, co que non tiña recoñecemento como tal, o que provocaba a súa invisibilidade e ocultamento.”

O traballo levado a cabo neste ámbito polas organizacións non lucrativas, as asociacións e as administracións públicas contribuíu a que este delito longamente invisibilizado hoxe en día sexa obxecto de rexeitamento e alarma social.

A loita contra a violencia de xénero é unha responsabilidade das Institucións, partidos políticos, asociacións, en definitiva, é unha cuestións de estado que nos afecta a todos e todas.

Como sociedade temos que dar un salto cualitativo na loita contra a violencia de xénero, e para iso requírense varios factores de importancia; Un de eles é o crecemento na conciencia social de que isto é un problema de todos e todas, non só das vítimas.

Os veciños e veciñas son de vital importancia, e, moitas veces, a nosa fonte máis próxima de axuda, máis aínda se falamos da violencia de xénero.

Os últimos datos do Observatorio contra a violencia de xénero veñen de ratificar, co incremento de denuncias, que o traballo desenvolvido mediante campañas e outras medidas de sensibilización e información resulta efectivo.

Por iso debemos seguir traballando na prevención e na sensibilización, co obxectivo de acadar unha conciencia social absoluta contra a violencia de xénero.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a afondar nas actuacións coordinadas e en colaboración coas asociacións de veciños/as, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños/as de Galicia na prevención e na sensibilización da violencia de xénero para contribuír á detección dun delito en moitos casos invisible, que en numerosas ocasións ten lugar na intimidade dos fogares, e no que a colaboración de todos os axentes, entidades e persoas é clave para ofrecer axuda ás vítimas”.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/12/2017 18:04:22

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/12/2017 18:04:48

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/12/2017 18:04:56

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/12/2017 18:05:11

Marta Rodríguez Arias na data 13/12/2017 18:05:19

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/12/2017 18:05:35

María Soraya Salorio Porral na data 13/12/2017 18:05:50

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/12/2017 18:05:58

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital de Monforte ten numerosas necesidades en materia de persoal, pero tamén nas instalacións e mobiliario. A dependencia de xestión de Lugo, ademais, supuxo a perda de capacidade de xestión en materia de mantemento, de xeito que se depende da xerencia de Lugo para calquera arranxo.

Unha das cuestións que debe ser resolta é cambiar as ventás simples de todo o Hospital para mellorar a eficiencia enerxética.

Outra deficiencia atópase na antigüidade de parte do mobiliario. Mesillas, cadeiras, sillóns e armarios de boa parte das habitacións das plantas de hospitalización do Hospital de Monforte están moi deteriorados, cuestión que levan tempo denunciando tanto o persoal coma as persoas usuarias.

Trátase de mobiliario que, ademais de obsoleto e gastado, é moi incómodo tanto para pacientes como para acompañantes, así como para o persoal, pois estamos a falar de mobles que poden levar máis de vinte anos de uso e que nalgúns casos está tan deteriorado que é case inservible.



Tamén está pendente a reforma das duchas de parte dos cuartos de baño das habitacións de hospitalización, para mellorar a accesibilidade.

Así pois, o Hospital de Monforte precisa unha renovación xeral das instalacións, tanto repintado de paredes, como renovación de mobiliario e baños das habitacións e cambio das ventás, para mellorar a eficiencia enerxética do edificio. Estas adaptacións acometéronse na metade das instalacións, pero demórase o seu remate.

Nas plantas de Traumatoloxía e Cirurxía substituíronse os vellos armarios por uns novos de taboleiros, por parte dunha empresa.

O SERGAS tamén mudou cadeiras das salas de espera por mobiliario máis moderno.

As fortes choivas do día 10 de decembro provocaron a aparición de goteiras na planta de Medicina Interna e Especialidades do Hospital de Monforte e na entrada da sala de espera do Hospital de Día, sinalando a Xunta que dita auga procedía da terraza. Xa ten habido problemas de goteiras, por mor de canalóns mal colocados.

Por outra parte, había unha proposta de remodelación da fachada ao completo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Renovar con urxencia o mobiliario deteriorado das plantas de hospitalización do Hospital de Monforte.
2. Acometer con urxencia as obras de adaptación dos baños das habitacións do Hospital de Monforte que aínda non se renovaron.
3. Acometer as reformas estruturais que sexan necesarias na terraza e fachada do Hospital de Monforte.
4. Reverter a supresión das xerencias de atención primaria, así coma as xerencias comarcais, organizándoas de xeito eficiente e permitindo a descentralización da xestión, de xeito que se recupere a capacidade de xestión da área sanitaria de Monforte.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,
Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/12/2017 12:53:07

Luis Villares Naveira na data 14/12/2017 12:53:14



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en Comisión, relativa ao custe da emigración da mocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos efectos máis visibles da crise económica no noso país é a emigración das xeracións máis novas que, ante a falla de oportunidades laborais en Galicia, collen as maletas ben a outros territorios do Estado ben a países estranxeiros. Tanto foi así que dende o inicio da crise en 2008, 264.272 persoas saíron de Galicia cara o exterior.

Porén estas saídas non afectaron a toda a poboación por igual e se analizamos a súa composición por idade comprobamos como son as faixas máis novas as que acumulan números maiores. Deste xeito, atopamos que das 29532 persoas que saíron de Galicia en 2016, máis dun 60%, isto é 18348 persoas tiñan entre 16 e 44 anos. Datos que implican que o 7,1 das persoas emigradas do estado español nos anos da crise eran de Galicia.

Son as cifras dun problema demográfico, social e persoal de primeira orde, mais tamén dun problema económico que o Consello da Xuventude cifra na perda anual de 500 millóns de euros polo gasto educativo e a perda de impostos.

Unha situación que o informe do Consello da Xuventude di que se manterá, de forma que nunha década acabaríamos por perder 23000 mozos e mozas senón melloran as expectativas laborais, o acceso á vivenda e o investimento en educación



Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a desenvolver unha liña de
axudas á vivenda para emigrantes retornados.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araújo,

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/12/2017 14:03:12

Paula Quinteiro Araújo na data 14/12/2017 14:03:20

Luis Villares Naveira na data 14/12/2017 14:03:29

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na Comisión 4.^a, relativa á obrigatoriedade de cursos de relixión nas aulas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei Wert trouxo consigo retrocesos de calado en tódolos ámbitos da educación, moi especialmente no caso da educación pública e no adoutramento relixioso da infancia. A súa última ofensiva en Galicia consiste en forzar a moitos alumnos a cursar a materia de Relixión debido a que non poden cadrar os seus horarios doutro xeito.

O problema é o seguinte: os alumnos e alumnas deben cursar seis horas semanais de materias específicas e de libre configuración, a escoller entre materias de 4, 3, 2 e 1 hora. Alumnos e alumnas teñen que matricularse en, polo menos, dúas materias específicas. Se a suma delas son cinco horas, poden complementalas ou ben coa materia de relixión ou ben cunha materia programada polo centro. O problema é que esta última precisa unha preparación específica e un número mínimo de dez alumnos interesados, cinco nas zonas rurais, e os centros máis pequenos non poden permitirse ofertalas.

E que sucede se ao alumno lle interesa unha materia específica de 3 horas e unha de libre configuración de 2 horas? Que ten que escoller una materia que, por unha banda, sexa de 1 hora e, por outra, sexa específica. Dándose a situación de que a materia de relixión sexa a única que cumpre con eses requisitos.



Non tería por que ser así. Noutras comunidades autónomas do Estado buscouse un encaixe moito máis sensato que non obriga a ninguén a cursar unha materia intrinsecamente retrógrada como a de Relixión. Así, na Comunidade de Madrid, tódalas materias específicas e de libre configuración son de 2 horas semanais e en Castela e León son de 2 e 4 horas.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a:

- Diseñar unha alternativa que asegure que todos os alumnos e alumnas de Galicia terán opcións de escolla para non ter que cursas obrigatoriamente relixión.
- Instar ao goberno do estado a suprimir a ensinanza de relixión do currículo escolar

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/12/2017 16:17:52

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/12/2017 16:17:59

Luis Villares Naveira na data 14/12/2017 16:18:05

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O parque español de vivendas ten unha antigüidade media superior aos 40 anos, polo que pertence a unha época na que pouco ou nada preocupaba a falla de auga e a eficiencia no consumo.

A falla de chuvias, e a consecuente seca, non está reducindo o consumo medio de auga dos fogares. No 2014, último ano do que se conta con datos oficiais, se reflectía un aumento no consumo medio dos galegos e galegas ata os 129 litros por habitante e día, sendo a media nacional de 130 litros. Este incremento, tamén no ámbito nacional, achácase ao crecemento da poboación residente e ó aumento do turismo, así como ós malos hábitos das persoas consumidoras e o propio deterioro das infraestruturas que canalizan a auga, públicas e particulares. I é que a crise económica obrigou a recortar a inversión nos orzamentos xerais, o que impediu modernizar unhas instalacións envellecidas e non axeitadas para o preciso aforro de auga.

Existe outro dato importante e que fai referencia a que na comunidade se escaparon da rede 39.700 millóns de litros de auga no 2014. Polo tanto un 16 % da auga que circula polas tubaxes municipais se perde ben por avarías ou fugas. Cifra á que hai que sumarlle a auga das perdas dentro das instalacións particulares pero que son difíciles de rexistrar e detectar.

A auga é un ben demasiado prezado como para perder tantos millóns de litros na rede e as medidas de optimización do recurso son cada vez máis necesarias porque as secas en Galicia están aquí para quedarse.

Grupo Parlamentario

Que o novo Plan estatal de vivenda, que xa contempla entre os novos obxectivos 10 programas distintos, inclúa, dentro do “*Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sostibilidade en vivendas*” como outra das actuacións previstas para seren subvencionables a mellora en seguridade e eficiencia das redes de subministro de auga, parece fundamental. Especialmente cando isto mellorará á sustentabilidade e respecto ó medioambiente así como favorecerá a eficiencia na explotación e consumo dun recurso natural cada día máis escaso como é a auga.

Un problema, o da escaseza da auga, froito das consecuencias do cambio climático, que ten posicionado a esta comunidade galega nunha situación de alerta inédita ante a seca, e ante a que é preciso responder con novas medidas preventivas e de eficacia no uso dos recursos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo os trámites precisos ante o Goberno de España para a inclusión no “Plan estatal de vivenda 2018-2021” e dentro do Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sostibilidade en vivendas a mellora en seguridade e eficiencia das redes de subministro de auga, dentro das actuacións susceptibles de seren subvencionadas, tanto en vivendas unifamiliares como nas plurifamiliares.

Pazo do Parlamento, 13 de decembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 **Grupo Parlamentario**

María Luisa Pierres López na data 14/12/2017 16:24:00

Raúl Fernández Fernández na data 14/12/2017 16:24:06

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/12/2017 16:24:10

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/12/2017 16:24:15

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O concello de Corcubión é, xunto co concello de Betanzos, un dos dous concellos que se vén na obriga de adaptar e revisar o Plan especial de protección do conxunto histórico deste concello, e obrigados pola Lei 5/2016 do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia. Esta obriga, para aqueles concellos con Plan especial de protección anteriores á Lei 8/1995, supón un serio problema para un concello pequeno e que manexa un orzamento anual de 1,3 millóns, dos que 770.000€ son soamente para pagos de persoal.

A pouca marxe económica e a urxencia da adaptación á Lei actual do Plan especial de protección do conxunto histórico levou a manter dúas reunións coa Secretaria Xeral de Urbanismo, en xaneiro e outubro deste ano, co fin de pedir o apoio económico da consellería para poder desenvolver o plan e para o que precisan unha inversión de menos de 100.000 €.

A negativa de colaboración económica por parte da Administración autonómica, aludindo falla de partidas para este fin, e as implicacións que provocará a non actualización do plan a tempo para a data límite que marca a lei, en agosto do 2018, leva a este Grupo Parlamentario Socialista, a presentar esta iniciativa. É preciso solicitar a implicación da Xunta de Galicia nun problema que podería solucionarse cunha axuda que resultaría pequena para a Administración autonómica, pero

 Grupo Parlamentario

grande para un concello como o de Corcubión de apenas 1600 habitantes.

Un concello modélico, tanto por ser dos primeiros en implantar un Plan especial de protección para o casco histórico así como polas intervencións que dende a ARI vén facendo nos últimos anos, algunha delas premiada a nivel autonómico, e para quen a perda dos beneficios da existencia deste plan especial así como o axeitado funcionamento da Área de Rehabilitación Integral pode supor un freo e parálise da actividade rehabilitadora e de mellora das condicións de vida das persoas que o habitan.

Oficina de rehabilitación que canalizou axudas para 61 veciños e veciñas nos últimos anos, con subvencións de preto de 465.000 € durante os 7 anos que leva en marcha.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a colaborar economicamente co concello de Corcubión asumindo na súa totalidade a cantidade precisa para a revisión e actualización do Plan especial de protección do casco histórico e materializar esta colaboración no menor tempo posible.

Pazo do Parlamento, 13 de decembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 14/12/2017 16:33:07

María Dolores Toja Suárez na data 14/12/2017 16:33:12

Maria de la Concepción Burgo López na data 14/12/2017 16:33:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/12/2017 16:33:28

Raúl Fernández Fernández na data 14/12/2017 16:33:33

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/12/2017 16:33:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/12/2017 16:33:42

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**

Exposición de motivos

O recoñecemento e identificación das enfermidades profesionais resulta totalmente fundamental, non só para os propios dereitos da clase traballadora, se non tamén para o sistema preventivo e o Sistema Público de Saúde.

O sindicato de Comisións Obreiras, ven denunciando dende fai tempo a necesidade dun mapa real de enfermidades profesionais para identificar as mesmas e actuar sobre elas, tanto no ámbito do tratamento como o da propia prevención.

Algúns dos problemas que detectan para o tratamento e prevención son en relación a enfermidades como a abestose e a silicose.

No caso do amianto, ao non saber os sitios onde pode existir ou atoparse, resulta difícil levar a cabo unha extracción segura do mesmo, ademais de estar comezando a aparecer casos de persoas afectadas por esta enfermidade que non se atopaban necesariamente en contacto directo co mineral.

En 2014, declárase BIC a factoría de Sargadelos en Cervo (A Mariña) e dous anos despois, en xaneiro de 2016, o Pleno do Concello de Sada acorda instar a Xunta a declarar BIC Cerámicas do Castro, localización do Museo Carlos Maside co voto en contra do Partido Popular que argumenta posíbeis inconvenientes para futuros usos desta infraestrutura a devandita catalogación.

Sete anos despois do primeiro acordo parlamentar, o Museo Carlos Maside atópase pechado e sen ser declarado BIC.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cando pensa incoar a Xunta de Galiza o expediente de catalogación de Cerámicas do Castro (Concello de Sada) como Ben de Interese Cultural (BIC)?

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/12/2017 18:09:03

María Montserrat Prado Cores na data 11/12/2017 18:09:12

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2017 18:09:14



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 18:12
Nº Rexistro: 21388
Data envío: 11/12/2017 18:12:59.809

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/12/2017 18:09:15

Noa Presas Bergantiños na data 11/12/2017 18:09:17

Xosé Luis Bará Torres na data 11/12/2017 18:09:18

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A recuperación das embarcacións tradicionais vense producindo dende hai algo máis de dúas décadas. Arredor dunhas 300 entre dornas, gamelas, chalanas, faluchos, veleiros clásicos etc ... forman parte do noso patrimonio e da nosa historia, amosan a distintas artes da pesca e da cabotaxe, é dicir, testemuñas das formas de vida, da economía e da artesanía popular das xentes do mar. Son unha representación dunha labor ancestral como é a carpintaría da ribeira.

A salvagarda das embarcacións implica necesariamente mantelas vivas, para iso é necesario adoptar medidas que garantan e protexan o patrimonio marítimo en xeral e o impulso das mariñas tradicionais en particular, entre elas podemos sinalar a súa inclusión nos plans de delimitación dos usos e espazos portuarios, para que naqueles portos nos que existise unha mostra representativa das embarcacións tradicionais, poidan convivir nun espazo común coas actuais. Isto, non só daría acubillo ordenado a unha parte representativa da flota tradicional, senón que enriquecería enormemente o seu valor patrimonial e histórico, e a vida de moitos pobos mariñeiros, incrementando o seu atractivo. A cabotaxe e o lecer, contextualizados á beira das distintas flotas modernas

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que accións concretas ten pensado levar a cabo o Goberno galego para facilitar a creación da figura das “Mariñas tradicionais” naqueles portos onde exista flota de embarcacións tradicionais?

Pazo do Parlamento, 12 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/12/2017 12:22:45

 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 12/12/2017 12:22:57

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, relativa á demolición do edificio histórico da Central Eléctrica de Mollavao, en Pontevedra.

A empresa Gas Natural-Fenosa ten intención de proceder, na cidade de Pontevedra, á eminente demolición do edificio histórico da Central Eléctrica de Mollavao.

Nos últimos anos, por toda Galicia, perdéronse mostras significativas de edificios e fábricas que por se mesmas significaban todo un testemuño do desenvolvemento industrial, comercial e económico do noso país.

Mentres noutros lugares de Europa, e tamén do Estado, se está a prestar especial atención á recuperación e restauración de construcións desta índole, pola contra, non son poucos os casos, nas nosas cidades e vilas, que se dilapidan mostras sinaladas dun patrimonio cultural que todos deberíamos protexer.

Por medio destes edificios, a maiores da súa contrastada riqueza arquitectónica, transmítesenos a memoria do traballo, das tecnoloxías, do progreso empresarial e máis a historia mesma da clase obreira.

Unha empresa como Gas Natural-Fenosa —por moitos e privilexiados contactos que teña no seo do Goberno galego— non pode actuar por fóra do control da Administración autonómica —ou municipal— e tentar derrubar, como se anunciou hai uns días, un edificio inaugurado hai 90 anos que, polas súas



características formais, é toda unha singular mostra das construcións deseñadas durante o primeiro proceso de electrificación de Galicia.

A Xunta de Galicia xa permitiu nos últimos anos que se demolesen na cidade de Pontevedra, para escándalo das entidades proteccionistas, o Teatro Cine Malvar, a cheminea da Curtidoira, o antigo almacén do sal da Moureira, o Chalé dos Obreiros da fábrica Tafisa e, hai ben pouco, do pequeno pavillón racionalista onde nacera a emisora Radio Pontevedra.

Nese sentido, e para que non se repitan actuacións propias dunha “piqueta inculta”, esixímoslle que non mire para outro lado e poña en garda aos seus servizos de Patrimonio para que a nosa mellor arqueoloxía industrial, como é o caso do edificio pontevedrés da Central Eléctrica de Mollavao, sexa finalmente salvado dunha vergoñenta demolición.

E de ser así, sumado a un desexable proceso de restauración, que poda ser gozado no futuro por unha veciñanza pontevedresa que vén de facer público un claro chamamento para que, por parte das administracións, especialmente a Xunta de Galicia, se evite a toda costa a súa destrución.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta:

- De ser certo que a Empresa Gas Natural Fenosa vai proceder á demolición do edificio histórico da Central Eléctrica de Mollavao, en Pontevedra, actuará o Goberno galego para evitar que esta se leve a cabo?

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2017.



Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/12/2017 13:04:44

Luca Chao Pérez na data 12/12/2017 13:04:53

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Juan Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Durante o presente mes de decembro coñecemos o engano da Xunta e o Goberno central ao sector marisqueiro galego sobre a posible instalación en Galicia do centro de referencia europeo de control bacteriolóxico dos bivalvos; engano que consistiu non so en ocultar o coñecemento de que a UE tiña xa decidido suprimir este laboratorio, namentres a Xunta anunciaba a súa intención de impulsar a candidatura de Galicia para a súa colocación, senón que incluso ocultaron que o Goberno central tiña votado a favor da súa desaparición, por iso para evitar máis dano ao sector marisqueiro do país cremos necesario saber si a Xunta ou o Goberno central está realizando algunha xestión para tratar de instalar en Galicia o futuro laboratorio específico de virus en alimentos que proxecta a UE

Por todo o exposto, a deputado e o deputado asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**:

Que xestións ten realizado a Xunta de Galicia para explorar a posibilidade de que o futuro laboratorio europeo de virus en alimento poda ter Galicia como sede?

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 12/12/2017 18:05:05

Juan José Merlo Lorenzo na data 12/12/2017 18:05:16



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A situación do chamado “complexo ambiental”, ubicado na mina de Miramontes, parroquia de Grixoa, converteuse xa hai tempo nunha ameaza para o medio ambiente, especialmente para os recursos hidrolóxicos, e para a saúde e benestar das persoas.

A veciñanza de Grixoa vén denunciando e loitando contra esta situación dende hai anos, atopándose coa inacción da Xunta de Galicia ante esta situación.

Dende a autorización para a instalación dun vertedoiro de residuos non perigosos, en 2008, emitida por parte da Consellería de Medio Ambiente, non pararon de sucederse incidencias e denuncias e, ao mesmo tempo, seguíronse aumentando as autorizacións para residuos bituminosos, materiais de construción que conteñan amianto, permitíndose finalmente o depósito de tecnosolos, que aumentaron os impactos ambientais e as molestias ás veciñas e veciños.

Varios dos condicionantes impostos pola Autorización de Impacto Ambiental semella que foron e son incumpridos, así como parece que se incumpren as normas de xestión dos diferentes materiais, ou as condicións impostas para mitigar o impacto paisaxístico da actividade, e os veciños denuncian escorrentías con contaminantes que afectan aos regatos próximos, como tamén denuncian os cheiros insoportables cos que teñen que convivir acotío.



Fronte a iso atópanse con enormes dificultades para que a Xunta de Galicia actúe con celeridade e lle fornezan, cando menos, das respostas a estas denuncias reiteradas no tempo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

- Que está facendo a Xunta de Galicia para que a actividade desenvolta no vertedoiro de Miramonstes, parroquia de Grixoa, cumpra as condicións esixidas pola normativa vixente?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/12/2017 10:27:09



Marcos Cal Ogando na data 14/12/2017 10:27:15

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Hospital de Monforte ten numerosas necesidades en materia de persoal, pero tamén nas instalacións e mobiliario. A dependencia de xestión de Lugo, ademais, supuxo a perda de capacidade de xestión en materia de mantemento, de xeito que se depende da xerencia de Lugo para calquera arranxo.

Unha das cuestións que debe ser resolta é cambiar as ventás simples de todo o Hospital para mellorar a eficiencia enerxética.

Outra deficiencia atópase na antigüidade de parte do mobiliario. Mesiñas, cadeiras, sillóns e armarios de boa parte das habitacións das plantas de hospitalización do Hospital de Monforte están moi deteriorados, cuestión que levan tempo denunciando tanto o persoal coma as persoas usuarias.

Trátase de mobiliario que, ademais de obsoleto e gastado, é moi incómodo tanto para pacientes como para acompañantes, así como para o persoal, pois estamos a falar de mobles que poden levar máis de vinte anos de uso e que nalgúns casos está tan deteriorado que é case inservible.

Tamén está pendente a reforma das duchas de parte dos cuartos de baño das habitacións de hospitalización, para mellorar a accesibilidade.



Así pois, o Hospital de Monforte precisa unha renovación xeral das instalacións, tanto repintado de paredes, como renovación de mobiliario e baños das habitacións e cambio das ventás, para mellorar a eficiencia enerxética do edificio. Estas adaptacións acometéronse na metade das instalacións, pero demórase o seu remate.

Nas plantas de Traumatoloxía e Cirurxía substituíronse os vellos armarios por uns novos de taboleiros, por parte dunha empresa.

O SERGAS tamén mudou cadeiras das salas de espera por mobiliario máis moderno.

As fortes choivas do día 10 de decembro provocaron a aparición de goteiras na planta de Medicina Interna e Especialidades do Hospital de Monforte e na entrada da sala de espera do Hospital de Día, sinalando a Xunta que dita auga procedía da terraza. Xa ten habido problemas de goteiras, por mor de canalóns mal colocados.

Por outra parte, había unha proposta de remodelación da fachada ao completo.

Polo exposto, o grupo parlamentar de En Marea, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Canto máis vai tardar o Sergas en acometer as melloras que precisa o Hospital de Monforte?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.



Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/12/2017 13:02:29

Eva Solla Fernández na data 14/12/2017 13:02:37

Luis Villares Naveira na data 14/12/2017 13:02:48

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O parque eólico de Mouriños exemplifica o que o Partido Popular pretende facer coa Lei de Depredación: regalar o territorio galego ás empresas amigas para que espolien os nosos recursos. Nada lles importa aos populares o efecto que a súa actuación poida ter sobre a paisaxe, a saúde e a calidade de vida dos galegos e das galegas.

Os perigos que entraña o parque eólico son coñecidos dende fai anos. O 1 de decembro de 2012 o xefe de servizo de Investimentos e Supervisión Técnica Turística emitiu un informe acerca do proxecto, que entón constaba de 11 aeroxeneradores cunha potencia de 33MW. O promotor era Gestamp Eólica S.L.. As conclusións do informe foron as seguintes:

“A zona posúe moita importancia turística e pódese ver afectada pola instalación. Produce ademais unha afección sobre os valores paisaxísticos, polo que o impacto da actuación é tamén de competencia medioambiental. Se conclúe que posúe unha influencia DESTACABLE no turismo específico da zona. Pola proximidade dos elementos sinalados e a proximidade de áreas de grande importancia turísticas da comunidade faise necesaria a realización dun estudo de impacto turístico, que propoña medidas compensatorias relativas á afección a estes puntos”.



O 4 de febreiro de 2016 comunicouse á Dirección Xeral de Industria e Minas a venta do parque eólico Mouriños por parte da sociedade Gestamp Eólica S.L. á sociedade Renovables Aragón S.L.U.. O proxecto pasou a constar de 4 aeroxeneradores localizados en Cabana de Bergantiños e Zas, cunha potencia unitaria de 2,5MW.

Dado que o PE Mouriños estará situado a menos de 2 quilómetros de outro PE xa en funcionamento, a súa tramitación foi simplificada. O proxecto conta cunha fase de execución de 6 meses e descoñécese a inversión prevista.

A fase de explotación terá unha duración de 25 anos, aínda que con posibilidade de prórroga. É neste período cando se prevén os maiores impactos na contorna, que afectarán á atmosfera, a auga, a fauna, a paisaxe... e, dende logo, á economía. Non podemos esquecer que se trata dunha zona cun enorme potencial turístico, preto do castro de Borneiro, do dolmen de Dombate e das Torres do Allo. Dito potencial verase comprometido polas molestias na vida diaria ocasionadas polos aeroxeneradores. Ademais, os danos á economía causados polo PE Mouriños non se compensarán de ningún xeito polos postos de traballo xerados, xa que só se crearán entre 1 e 4 empregos estables dedicados ás labores de control e mantemento do parque, un número moi inferior aos que se crearían apostando por un turismo sostible e respectuoso co medio natural.

Non se trata dun problema illado. Son moitas as poboacións rurais que poderían verse beneficiadas dunha estratexia turística que fixera énfase na natureza, pero iso é moi complicado cando os parques eólicos proliferan por todo o territorio. En Galicia temos instalados 2.159 aeroxeneradores en 268 PE (segundo a Asociación Empresarial Eólica). Temos o dobre de potencia instalada por superficie que a seguinte comunidade da lista, Castela e León; case triplicamos a de Cataluña; dobramos a de Asturias; quintuplicamos a do País Vasco e é 15



veces maior que a de Cantabria. Como pode dicir o Partido Popular que aposta polo rural cando a 500 metros de moitas vivendas hai xigantescos aeroxeneradores que menoscaban a calidade de vida dos veciños e veciñas?

Pero o peor non é o dano que os PE provocan á economía, senón os efectos nocivos que teñen na saúde. Institucións de prestixio como a Organización Mundial da Saúde (OMS) levan tempo advertindo de que o ruído pode causar non só trastornos fisiolóxicos, como a perda progresiva de audición, senón tamén importantes prexuízos psicolóxicos, como estrés, insomnio, irritabilidade, síntomas depresivos, falta de concentración, baixada do rendemento laboral, etcétera.

Así, é unha imprudencia e un aldraxe permitir a implantación de parques eólicos sen ter en conta o efecto que terán nas poboacións próximas e sen tomar medidas contundentes para mitigar e compensar os danos causados.

Por outra banda, en pleno proceso de implementación da Estratexia da Paisaxe, pendente simplemente da aprobación das Directrices da Paisaxe, debería de actuarse con cautela na autorización da instalación de parques eólicos en zonas susceptibles de presentar posteriormente restricións a nivel paisaxístico.

Outra actitude parece indicar a intención de xogar aos feitos consumados e de precisamente querer instalar antes os parques para evitar as restrición que poidan introducir as Directrices da Paisaxe.

Por todo o exposto con anterioridade, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Pleno:

- Como valora o balance prexuízos-beneficios da instalación do Parque eólico de Mouriños?



Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/12/2017 13:24:54

Marcos Cal Ogando na data 14/12/2017 13:25:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral en Pleno, relativa ao custe da emigración da mocidade

Un dos efectos máis visibles da crise económica no noso país é a emigración das xeracións máis novas que, ante a falla de oportunidades laborais en Galicia, collen as maletas ben a outros territorios do Estado ben a países estranxeiros. Tanto foi así que dende o inicio da crise en 2008, 264.272 persoas saíron de Galicia cara o exterior.

Porén estas saídas non afectaron a toda a poboación por igual e se analizamos a súa composición por idade comprobamos como son as faixas máis novas as que acumulan números maiores. Deste xeito, atopamos que das 29532 persoas que saíron de Galicia en 2016, máis dun 60%, isto é 18348 persoas tiñan entre 16 e 44 anos. Datos que implican que o 7,1 das persoas emigradas do estado español nos anos da crise eran de Galicia.

Son as cifras dun problema demográfico, social e persoal de primeira orde, mais tamén dun problema económico que o Consello da Xuventude cifra na perda anual de 500 millóns de euros polo gasto educativo e a perda de impostos.

Unha situación que o informe do Consello da Xuventude di que se manterá, de forma que nunha década acabaríamos por perder 23000 mozos e mozas senón melloran as expectativas laborais, o acceso á vivenda e o investimento en educación

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:



- Que valoración fai o Goberno galego destes datos?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/12/2017 14:02:33

Paula Quinteiro Araújo na data 14/12/2017 14:02:43

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, relativa á materia de relixión.

A lei Wert trouxo consigo retrocesos de calado en tódolos ámbitos da educación, moi especialmente no caso da educación pública e no adoutramento relixioso da infancia. A súa última ofensiva en Galicia consiste en forzar a moitos alumnos a cursar a materia de Relixión debido a que non poden cadrar os seus horarios doutro xeito.

O problema é o seguinte: os alumnos e alumnas deben cursar seis horas semanais de materias específicas e de libre configuración, a escoller entre materias de 4, 3, 2 e 1 hora. Alumnos e alumnas teñen que matricularse en, polo menos, dúas materias específicas. Se a suma delas son cinco horas, poden complementalas ou ben coa materia de relixión ou ben cunha materia programada polo centro. O problema é que esta última precisa unha preparación específica e un número mínimo de dez alumnos interesados, cinco nas zonas rurais, e os centros máis pequenos non poden permitirse ofertalas.

E que sucede se ao alumno lle interesa unha materia específica de 3 horas e unha de libre configuración de 2 horas? Que ten que escoller una materia que, por unha banda, sexa de 1 hora e, por outra, sexa específica. Dándose a situación de que a materia de relixión sexa a única que cumpre con eses requisitos.



Non tería por que ser así. Noutras comunidades autónomas do Estado buscouse un encaixe moito máis sensato que non obriga a ninguén a cursar unha materia intrinsecamente retrógrada como a de Relixión. Así, na Comunidade de Madrid, tódalas materias específicas e de libre configuración son de 2 horas semanais e en Castela e León son de 2 e 4 horas.

Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Que lle parece ao Goberno da Xunta que moitos alumnos e alumnas teñan que cursar a materia de Relixión contra a súa vontade por unha mera cuestión de encaixe horario?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/12/2017 16:18:20

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/12/2017 16:18:28

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O parque español de vivendas ten unha antigüidade media superior aos 40 anos, polo que pertence a unha época na que pouco ou nada preocupaba a falla de auga e a eficiencia no consumo.

A falla de chuvias, e a consecuente seca, non está reducindo o consumo medio de auga dos fogares. No 2014, último ano do que se conta con datos oficiais, se reflectía un aumento no consumo medio dos galegos e galegas ata os 129 litros por habitante e día, sendo a media nacional de 130 litros. Este incremento, tamén no ámbito nacional, achácase ao crecemento da poboación residente e ó aumento do turismo, así como ós malos hábitos das persoas consumidoras e o propio deterioro das infraestruturas que canalizan a auga, públicas e particulares. I é que a crise económica obrigou a recortar a inversión nos orzamentos xerais, o que impediu modernizar unhas instalacións envellecidas e non axeitadas para o preciso aforro de auga.

Existe outro dato importante e que fai referencia a que na comunidade se escaparon da rede 39.700 millóns de litros de auga no 2014. Polo tanto un 16 % da auga que circula polas tubaxes municipais se perde ben por avarías ou fugas. Cifra á que hai que sumarlle a auga das perdas dentro das instalacións particulares pero que son difíciles de rexistrar e detectar.

A auga é un ben demasiado prezado como para perder tantos millóns de litros na rede e as medidas de optimización do recurso son cada vez máis necesarias porque as secas en Galicia están aquí para quedarse. Que o novo Plan estatal de vivenda, que xa contempla entre os novos obxectivos 10 programas distintos, inclúa, dentro do “*Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sostibilidade en vivendas*” como outra das actuacións previstas para seren subvencionables a mellora en seguridade e eficiencia das redes de

Grupo Parlamentario

subministro de auga, parece fundamental. Especialmente cando isto mellorará á sustentabilidade e respecto ó medioambiente así como favorecerá a eficiencia na explotación e consumo dun recurso natural cada día máis escaso como é a auga.

Un problema, o da escaseza da auga, froito das consecuencias do cambio climático, que ten posicionado a esta comunidade galega nunha situación de alerta inédita ante a seca, e ante a que é preciso responder con novas medidas preventivas e de eficacia no uso dos recursos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte este Goberno a necesidade de inclusión no Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sostibilidade en vivendas, a mellora en seguridade e eficiencia das redes de subministro de auga?

Pazo do Parlamento, 13 de decembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 14/12/2017 16:25:38

Raúl Fernández Fernández na data 14/12/2017 16:25:42

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/12/2017 16:25:47

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Concepción Burgo López, Luis Manuel Álvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O concello de Corcubión é, xunto co concello de Betanzos, un dos dous concellos que se vén na obriga de adaptar e revisar o Plan especial de protección do conxunto histórico deste concello, e obrigados pola Lei 5/2016 do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia. Esta obriga, para aqueles concellos con Plan especial de protección anteriores á Lei 8/1995, supón un serio problema para un concello pequeno e que manexa un orzamento anual de 1,3 millóns, dos que 770.000€ son soamente para pagos de persoal.

A pouca marxe económica e a urxencia da adaptación á Lei actual do Plan especial de protección do conxunto histórico levou a manter dúas reunións coa Secretaria Xeral de Urbanismo, en xaneiro e outubro deste ano, co fin de pedir o apoio económico da consellería para poder desenvolver o plan e para o que precisan unha inversión de menos de 100.000 €.

A negativa de colaboración económica por parte da Administración autonómica, aludindo falla de partidas para este fin, e as implicacións que provocará a non actualización do plan a tempo para a data límite que marca a lei, en agosto do 2018, leva a este Grupo Parlamentario Socialista, a presentar esta iniciativa. É preciso solicitar a implicación da Xunta de Galicia nun problema que podería solucionarse cunha axuda que resultaría pequena para a Administración autonómica, pero grande para un concello como o de Corcubión de apenas 1600 habitantes.

Un concello modélico, tanto por ser dos primeiros en implantar un Plan especial de protección para o casco histórico así como polas

 Grupo Parlamentario

intervencións que dende a ARI vén facendo nos últimos anos, algunha delas premiada a nivel autonómico, e para quen a perda dos beneficios da existencia deste plan especial así como o axeitado funcionamento da Área de Rehabilitación Integral pode supor un freo e parálise da actividade rehabilitadora e de mellora das condicións de vida das persoas que o habitan.

Oficina de rehabilitación que canalizou axudas para 61 veciños e veciñas nos últimos anos, con subvencións de preto de 465.000 € durante os 7 anos que leva en marcha.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado o Goberno galego apoiar economicamente ó concello de Corcubión asumindo na súa totalidade a cantidade precisa para a revisión e actualización do seu Plan especial de protección do casco histórico?

Pazo do Parlamento, 13 de decembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 14/12/2017 16:35:43

María Dolores Toja Suárez na data 14/12/2017 16:35:49

Maria de la Concepción Burgo López na data 14/12/2017 16:35:57



 **Grupo Parlamentario**

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/12/2017 16:36:02

Raúl Fernández Fernández na data 14/12/2017 16:36:08

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/12/2017 16:36:14

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O recoñecemento e identificación das enfermidades profesionais resulta totalmente fundamental, non só para os propios dereitos da clase traballadora, se non tamén para o sistema preventivo e o Sistema Público de Saúde.

O sindicato de Comisións Obreiras, ven denunciando dende fai tempo a necesidade dun mapa real de enfermidades profesionais para identificar as mesmas e actuar sobre elas, tanto no ámbito do tratamento como o da propia prevención.

Algúns dos problemas que detectan para o tratamento e prevención son en relación a enfermidades como a abestose e a silicose.

No caso do amianto, ao non saber os sitios onde pode existir ou atoparse, resulta difícil levar a cabo unha extracción segura do mesmo, ademais de estar comezando a aparecer casos de persoas afectadas por esta enfermidade que non se atopaban necesariamente en contacto directo co mineral.

No caso da silicose denuncian un repunte deste enfermidade profesional, segundo os propios datos do ISSGA no ano 2016, sobretudo na provincia de Ourense. Avisan de que os novos compostos como o silistone multiplica a sílice en relación coa pedra natural e os casos aparecen tamén a idades mais tempranas. En definitiva, trátase de procesos mais acelerados ao non ser a concentración natural dos minerais.



A estas consideracións é necesario engadir o sesgo de xénero aplicado en moitas ocasións ás traballadoras, como por exemplo no caso da silicose, onde segundo as propias medicións da Xunta os niveles de exposición son os mesmos pero os coeficientes redutores son menores.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Pregunta:

- Cales son as medidas que vai a tomar a Xunta ante estes datos?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/12/2017 17:01:33

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O número de afiliados ao Réxime especial de traballadores do mar a finais de 2009 eran 24.630 dos cales, 6.533 eran mulleres. A finais do 2016, os datos indicaban 21.035 (15 % menos), e incluían 5.088 mulleres (22 % menos).

As causas son varias: a escaseza de profesionais cualificados, a ausencia de relevo xeracional, a perigosidade mar adentro, a falla de cotas pesqueiras suficientes, o incremento dos gastos da actividade, todas elas son as razóns que xustifican esta realidade.

Nos orzamentos de 2018, a piques de seren aprobados, podemos ver como partidas que puideran ser claves para reverter esta situación descenden. Estas teñen como destino axudas para pescadores mozos, formación para menores de 30 anos, eficiencia enerxética ou investimentos para a modernización de motores.

Costa entender as asignacións orzamentarias, e máis se temos en conta que o Plan estratéxico galego 2015-2020, empeza e remata coa mesma frase: “Unir con criterio o presente e o futuro” á que non lle atopamos conexión, dado que a realidade amosa un futuro incerto para este sector, ao indicarnos que 4.400 embarcacións galegas quedarán sen relevo nos vindeiros anos senón se adoptan medidas ao respecto.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que accións concretas vai levar a cabo para “unir con criterio o presente e o futuro” do sector pesqueiro?

Pazo do Parlamento, 14 de decembro de 2017



 [Grupo Parlamentario](#)

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 14/12/2017 17:02:01

Julio Torrado Quintela na data 14/12/2017 17:02:15

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A situación de saturación dos servizos de urxencias dos diferentes hospitais da rede pública é de sobra coñecida e cada vez máis frecuente.

Tanto a propia situación como o incremento na frecuencia da saturación dos servizos de urxencias sobre todo nas épocas de inverno e verán, é constantemente denunciada polas traballadoras e traballadores, as centrais sindicais e os colectivos en defensa da sanidade pública.

O persoal presente nos servizos quédase curto a meirande parte do ano e os reforzos puntuais son escasos e non resolven o problema global. Un problema que ten a súa orixe non só na situación das propias urxencias, se non na situación dos hospitais do SERGAS. As amortizacións de prazas e reducións de pranteis de sanitarias e sanitarios ten significado a perda de calidade asistencia en determinados servizos e a imposibilidade de asumir a mesma carga de traballo.

Esta situación crónica fai que cando se produce un pico dalgunha enfermidade infecciosa ou un incremento significativo da asistencia por un problema determinado, a capacidade de resposta sexa moito menor, facilitando o colapso e a saturación dos servizos, tal como ten acontecido nas últimas semanas.

Os avisos e advertencias por parte das e dos profesionais, son desoídos e non se acompañan de incrementos dos recursos necesarios . A Consellería de Sanidade, coñecedora desta situación que non só se estende nas urxencias hospitalarias se non que arte dunha drástica redución de servizos na atención primaria, actúa



cunha falta de previsión e Xestión, que unida ao conxunto de recortes no eido da sanidade provoca situación realmente críticas que danan o dereito á atención sanitaria do conxunto da poboación e os dereitos laborais das e dos profesionais.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguinte PREGUNTA:

- Cales son as medidas que vai a tomar a Xunta de Galicia a curto, medio e longo prazo para atallar a saturación dos servizos de urxencias?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/12/2017 17:22:10

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, relativa á certificación de idiomas para o profesorado

A Asociación de Profesorado de Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia (APEOIGA) vén de manifestar o seu malestar por unhas xornadas de certificación de competencia en linguas para profesorado a cargo de entidades privadas que está a organizar o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) por encomenda da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Tal e como denuncia a propia asociación esta iniciativa, usurpa as funcións propias das escola oficiais de idiomas galegas e pon en mans privadas un servizo que xa a propia administración ofrece a toda a cidadanía nas propias EOI.

Ademais, con esta iniciativa só se certifican as competencias orais en inglés, cando os exames de certificación das EOI certifican o nivel de xeito global (nas súas catro destrezas comunicativas). Un menoscabo na esixencia que supón un agravio comparativo para co profesorado que xa cursou estudos conducentes á certificación de linguas, para o cal tivo que pagar unhas taxas e/ou acumular unha serie de horas dunha formación esixente

E que cabe entender baixo a urxencia propagandística da Consellería de habilitar a canto máis profesorado para impartir asignaturas en inglés en centros plurilingües mellor, ignorando uns criterios mínimos de calidade.

Unha iniciativa privatizadora, que supón un custe de fondos públicos que se podería evitar grazas á existencia das EOI de Galicia, entidades públicas e oficiais certificadoras de linguas.



Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Que custe implican ás arcas públicas estas certificacións privadas?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/12/2017 18:04:51

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/12/2017 18:04:57

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727